

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h
Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A
Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**


Mercadorías

06/07/2022

16:30 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. O transporte é economicamente relevante polo efecto arrastre que exerce sobre outros sectores como:

- a) o da fabricación de vehículos e compoñentes.
- b) o da venda de carburantes.
- c) o da venda de vehículos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

2. No caso de empresas de transporte de mercadorías que non acreditan requisitos iguais ou superiores aos esixidos para obter autorización de operador de transporte, os servizos en réxime de colaboración non poden exceder en ningún momento do:

- a) 100% da capacidade de transporte propia, medida en número de vehículos.
- b) 90% da capacidade de transporte propia, medida en número de vehículos.
- c) 80% da capacidade de transporte propia, medida en número de vehículos.
- d) 70% da capacidade de transporte propia, medida en número de vehículos.

3. Non é un custo ambiental derivado do transporte:

- a) o consumo de enerxía.
- b) a emisión de gases nocivos á atmosfera.
- c) a contaminación acústica.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

4. De que depende a deriva do pneumático dun camión?

- a) Da anchura do vehículo.
- b) Da velocidade de transferencia do cambio.
- c) Da carga electrostática.
- d) Da anchura da lamia.

5. A resistencia do aire actúa sempre:

- a) no mesmo sentido que a traxectoria do camión.
- b) en sentido perpendicular á forza motriz.
- c) en sentido oblicuo á súa traxectoria.
- d) en sentido oposto ao movemento do camión.

6. Cando se produce o cabeceo?

- a) Cando o camión experimenta unha forza lateral.
- b) Cando hai moita neve.
- c) Cando hai unha aceleración ou unha freada.
- d) Cando se produce o aquaplaning.

7. Cando se produce a resistencia á aceleración durante a circulación dun camión?

- a) Só se considera resistencia a aceleración negativa.
- b) Cando se efectúa un xiro.
- c) Cando se produce unha aceleración ou unha deceleración.
- d) Cando se transporta unha masa excesiva.

8. De que factores depende o grao de rozamento nun camión?

- a) Do quecemento.
- b) Do arrefriado.
- c) Do desprazamento de masas transversais.
- d) Da presión dos pneumáticos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. Cada vez que se realiza un cambio durante a subida dunha pendente, existe un instante no que o camión perde potencia. En que se traducen estas perdas de potencia?

- a) Nunha diminución da temperatura.
- b) Nunha redución de velocidade.
- c) Nun aumento de velocidade.
- d) Esta acción non ten ningún tipo de consecuencia.

10. Cantos menos cambios de marcha realice o condutor dun camión durante unha subida:

- a) máis veces se perderá velocidade, máis veces se terá que recuperar e, por tanto, chegarase máis tarde ao cume.
- b) máis veces se perderá velocidade, máis veces se terá que recuperar e, por tanto, chegarase antes ao cume.
- c) menos veces se perderá velocidade, menos veces se terá que recuperar e, por tanto, chegarase máis tarde ao cume.
- d) menos veces se perderá velocidade, menos veces se terá que recuperar e, por tanto, chegarase antes ao cume.

11. Que forzas interveñen nun camión?

- a) A forza menor.
- b) A forza maior.
- c) A forza nula.
- d) A forza de guiado lateral.

12. O sistema de transporte intermodal ROLL/ON-ROLL/OFF é un transporte:

- a) estrada/barco.
- b) estrada/ferrocarril.
- c) estrada/avión.
- d) tren/avión.

13. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras CRA?

- a) Un vehículo calorífico reforzado da clase A.
- b) Esta clase de vehículo non existe.
- c) Un vehículo isoterma reforzado da clase A.
- d) Un vehículo refrixerante reforzado da clase A.

14. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras FRC?

- a) Un vehículo refrixerante reforzado da clase C.
- b) Un vehículo frigorífico normal da clase C.
- c) Un vehículo isoterma reforzado C.
- d) Un vehículo frigorífico reforzado da clase C.

15. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras RRA?

- a) Un vehículo refrixerante reforzado da clase A.
- b) Un vehículo isoterma reforzado da clase A.
- c) Un vehículo frigorífico reforzado da clase A.
- d) Un vehículo calorífico reforzado da clase A.

16. Que carga útil terá un vehículo de motor de dous eixos cunha MMA de 18.000 kg e unha tara de 8.000 kg?

- a) 8.000 kg.
- b) 7.000 kg.
- c) 9.000 kg.
- d) 10.000 kg.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. Cal é o principal efecto negativo do transporte por estrada?

- a) A conxestión viaria.
- b) Impacto ambiental.
- c) O transporte non ten efectos negativos.
- d) A accidentabilidade.

18. Cales son as funcións propias dun comercial nunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Controlar a selección, formación e rendemento do persoal da empresa.
- b) Realizar funcións de planificación, dirección e coordinación.
- c) Elaborar as nóminas.
- d) Realizar o seguimento comercial dos servizos.

19. Que tipo de documento é necesario levar a bordo do vehículo para demostrar que o vehículo está autorizado para realizar transporte de mercadorías?

- a) O orixinal da autorización administrativa que se outorga á empresa.
- b) A copia certificada da autorización coa matrícula do vehículo.
- c) Ningún.
- d) O documento que acredite a competencia profesional

20. O transporte de mercadorías que non excede os límites dun país coñécese co nome de transporte:

- a) urbano.
- b) comunitario.
- c) interior.
- d) doméstico.

21. A reacción áxil ante posibles incidencias é un factor:

- a) que xoga a favor do transporte de mercadorías por estrada.
- b) que xoga en contra do transporte de mercadorías por estrada.
- c) O transporte de mercadorías por estrada non ten reaccións áxiles fronte ás incidencias.
- d) Neste sentido, resulta máis favorecido o transporte marítimo.

22. O capital social dunha sociedade anónima non pode ser nunca inferior a:

- a) 30.000 euros.
- b) 40.000 euros.
- c) 50.000 euros.
- d) 60.000 euros.

23. Das que se citan, cal constitúe unha das resistencias ao avance do camión?

- a) Resistencia dos rodamientos.
- b) Resistencia á entrada de osixeno na admisión.
- c) Resistencia á pendente.
- d) Resistencia dos materiais do chasis do vehículo.

24. O dispositivo que ten como función principal cortar a subministración de combustible ao motor cando o vehículo chega a unha determinada velocidade, como se chama?

- a) Economizador de combustible.
- b) Limitador de combustible.
- c) Limitador de velocidade.
- d) Regulador de velocidade.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. Que é o DUA?

- a) O modelo oficial para formular declaracións aduaneiras de mercadorías.
- b) Un tipo de autorización de transporte internacional de mercadorías expedido pola Unión Europea.
- c) Un tipo de autorización de transporte internacional de mercadorías que serve no ámbito dos países membros da CEMT.
- d) Un caderno que debe acompañar á autorización de transporte CEMT.

26. A quen lle causa un prexuízo económico os accidentes laborais?

- a) Ao traballador.
- b) Á empresa do traballador.
- c) Ao conxunto da sociedade.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

27. A tarxeta de condutor rexistra na súa memoria a ranura do tacógrafo na que está inserida?

- a) Si, pero só se é a ranura 1.
- b) Si, sempre
- c) Si, pero só se é a ranura 2.
- d) Non, nunca

28. Cal debe de ser a actuación do condutor dunha empresa de transportes nas inspeccións levadas a cabo na estrada?

- a) Facilitar a inspección do vehículo e os seus aparellos de control.
- b) Facilitar a inspección da carga ou pasaxe transportado.
- c) Facilitar o exame dos documentos e facturas relacionadas con empresa.
- d) As respostas A e B son correctas.

29. Que magnitude física se terá que desenvolver ao facer virar unha chave para desenroscar unha porca dunha roda?

- a) Unha forza.
- b) Unha potencia.
- c) Unha impulsión.
- d) Un par de forzas.

30. Que tipo de transformación enerxética ocorre no motor?

- a) A enerxía mecánica do carburante transfórmase en enerxía química.
- b) A enerxía mecánica do carburante transfórmase en enerxía eléctrica.
- c) A enerxía química do carburante transfórmase en enerxía eléctrica.
- d) A enerxía química do carburante transfórmase en enerxía mecánica.

31. A ergonomía busca incrementar no ámbito do traballo:

- a) o benestar do empresario.
- b) o rendemento do empresario.
- c) o benestar do traballador.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

32. A choiva inflúe na perda de adherencia dos pneumáticos, cal é o momento no que hai que tomar máis precaucións?

- a) Durante as primeiras pingas.
- b) Despois de choivas torrenciais.
- c) Non ten unha influencia directa na adherencia dos pneumáticos.
- d) Na metade da tormenta.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Os movementos rutineiros e repetidos de subir ou baixar do vehículo:

- a) pódense converter en motivo de lesións.
- b) pódense converter en motivo de accidentes.
- c) non é necesario realízalos con precaución.
- d) As respostas A e B son correctas.

34. O condutor, entre outros datos, que debe facer constar nunha nova folla de rexistro ou disco-diagrama antes de inserila?

- a) Nome e apelidos.
- b) Lugar e data.
- c) Lectura do contaquilómetros.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

35. Constitúe un risco asociado na actividade do transporte o traballar a contrarreloxo e a urxencia dos servizos?

- a) Non, nunca.
- b) Depende do tipo de vehículo.
- c) Case nunca.
- d) Si, porque causa fatiga e tensión.

36. Ademais doutras consecuencias, que provocan os accidentes laborais?

- a) Un gran custo económico.
- b) Unha maior motivación do traballador.
- c) A mellora das relacións laborais.
- d) Máis satisfacción no posto de traballo.

37. No sector do transporte, cal dos seguintes accidentes de traballo se produce máis frecuentemente?

- a) Caída de obxectos ao manipularlos.
- b) Incendios.
- c) Sobreesforzos.
- d) Exposición a substancias tóxicas.

38. Están as empresas obrigadas a realizar controis aos seus traballadores en materia de tempos de condución e descanso?

- a) Só en épocas de moito traballo.
- b) Si, pero só a traballadores de transporte internacional.
- c) Si, para asegurarse de que cumpren coa normativa vixente.
- d) Non, nunca.

39. Cales son as consecuencias de circular a unha velocidade inadecuada ou perigosa?

- a) A apertura inapropiada das portas do vehículo.
- b) Non ten consecuencias perigosas.
- c) Perturbar e diminuír as aptitudes psicofísicas do condutor
- d) O aumento de velocidade incrementa as probabilidades de accidente e a súa gravidade, xa que o vehículo recorrerá máis distancia durante o tempo de reacción e a forza do choque será moito máis forte.

40. Que pauta de actuación que debe seguirse en caso de incendio dun vehículo non é correcta?

- a) Recoller o extintor e seguir o protocolo da extinción.
- b) A comunicación aos viaxeiros debe ser rápida, concisa e tentando non crear pánico nin angustia.
- c) Non deixar de velar pola seguridade dos viaxeiros impedindo que accedan ao vehículo, nin deixar de vixiar o mesmo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. A cantidade inxerida e a rapidez coa que se tome, inflúen no nivel de alcol en sangue?

- a) A cantidade inxerida si afecta, a rapidez non.
- b) Soamente inflúe a rapidez coa que se tome o alcol..
- c) Si
- d) Non.

42. Ante unha situación de emerxencia, cal debería ser un dos obxectivos principais das actuacións do condutor?

- a) Sempre debe conservar a calma.
- b) As actuacións deben ter como primeiro obxectivo a preservación da seguridade de todas aquelas persoas que poidan verse afectadas (pasaxeiros, restos de usuarios da vía...).
- c) As actuacións non poden incrementar o desconcerto e a angustia dos afectados.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

43. Que actuación debe realizarse preferentemente en caso de evacuación dun vehículo de transportes?

- a) Curar aos feridos se estes o necesitan.
- b) Impedir que os pasaxeiros saian do vehículo ata que non se avise ao persoal especializado.
- c) Sacar todas as pertenzas dos pasaxeiros para evitar problemas legais.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

44. Que actuación non é unha medida preventiva que é necesario realizar co fin de evitar un incendio?

- a) Revisar o estado dos freos.
- b) Realizar un adecuado mantemento do vehículo.
- c) Deter o vehículo á dereita, fóra da calzada e da beiravía se fose posible.
- d) En pendentes pronunciadas que requiran o constante uso do freo eléctrico ou de servizo, baixar en marchas curtas aproveitando a retención do motor.

45. Cal é a primeira precaución que se debe tomar ante unha condución en condicións adversas?

- a) Adaptar o tipo de condución ás condicións da vía.
- b) Pasar a velocidade máxima da estrada pola que se circula.
- c) Non pasar a velocidade mínima da estrada pola que se circula.
- d) En ningún caso se debería circular.

46. En caso de tormenta con gran aparello eléctrico, que debemos facer?

- a) É conveniente deter o vehículo e desconectar o motor, situándose preto das vías do tren.
- b) É obrigatorio deter o vehículo e desconectar o motor, situándose preto das vías do tren.
- c) É conveniente deter o vehículo e desconectar o motor, non situándose preto das vías do tren.
- d) É obrigatorio deter o vehículo e deixar conectado o motor, non situándose preto das vías do tren.

47. É obrigatorio reparar o tacógrafo analóxico tan pronto as circunstancias o permitan en caso de avaría?

- a) Si, no taller mais próximo á avaría.
- b) Si, pero pódese reparar cando se queira.
- c) Non é obrigatorio.
- d) Si, cun máximo dunha semana desde que se avaría.

48. Como se pode desfacer a posible escarcha acumulada nos vidros do vehículo?

- a) Con zumes naturais.
- b) Con tónica.
- c) Con alcol
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación co condutor dunha empresa de transporte?

- a) Representa á empresa nas inspeccións na estrada.
- b) É importante na resolución das reclamacións escritas que se fagan á empresa.
- c) Representa á empresa en xuízo.
- d) O condutor en ningún caso representa á empresa de transportes.

50. Cal é o soporte máis importante da marca na empresa de transportes?

- a) A calidade.
- b) A celeridade.
- c) A legalidade.
- d) A puntualidade.

51. Cal é o trastorno máis común que pode aparecer se non está ben deseñado o asento do condutor?

- a) Dor de cabeza.
- b) Lumbalxia.
- c) Tendinite.
- d) Luxación.

52. Cal é unha característica da carga que pode aliviar os riscos asociados á súa manipulación?

- a) Cargas pesadas.
- b) Cargas moi voluminosas.
- c) Cargas que non perden facilmente o equilibrio.
- d) Cargas difíciles de suxeitar.

53. Cando debe envorcase a información das tarxetas de condutor?

- a) Ao abandonar a empresa.
- b) Cada 31 días, polo menos.
- c) A requirimento da Administración.
- d) Todas as respostas anteriores son válidas.

54. De que depende a potencia de freado do retardador hidráulico?

- a) Do rozamento magnético.
- b) Da enerxía do aceite circulando.
- c) Da enerxía do vapor circulando.
- d) Do rozamento mecánico.

55. Onde se solicitan as tarxetas de tacógrafo de condutor?

- a) No Ministerio de Transportes.
- b) Na oficina de transporte da Comunidade Autónoma onde estea residenciado o condutor.
- c) Na Xefatura Provincial de Tráfico correspondente ao domicilio do condutor.
- d) Na Subdelegación do Goberno correspondente á residencia do condutor.

56. Por que pode producirse a fatiga e a redución da concentración?

- a) Por durmir máis de oito horas.
- b) Por realizar os descansos regulamentarios.
- c) Por unha mala alimentación.
- d) Por non beber alcol.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. Ao accionar o ralentizador, vense freadas...

- a) todas as rodas.
- b) sempre as rodas dianteiras.
- c) sempre as rodas directrices.
- d) só as rodas motrices.

58. Os bloques de tempos das actividades do condutor:

- a) aparecen reflectidos nunha zona do disco-diagrama.
- b) non aparecen reflectidos nas follas de rexistro.
- c) só aparecen reflectidos no tacógrafo dixital.
- d) aparecen reflectidos nos tacógrafos magnéticos.

59. Os períodos nos que un condutor, que conduce en equipo, non vai conducindo e o vehículo está en movemento, como se consideran pola normativa laboral española?

- a) Tempo de presenza.
- b) Tempo doutros traballos.
- c) Tempo de espera.
- d) Tempo de descanso.

60. Sobre que elemento ou peza do vehículo actúa o freo eléctrico?

- a) Sobre as rodas dianteiras, sempre.
- b) Sobre os discos de freo.
- c) Sobre o tambor de freo.
- d) Sobre a transmisión.

61. Que característica, entre outras, vai definir no contarrevolucions dun automóbil a zona económica do motor?

- a) A relación de compresión.
- b) O tamaño do embrague.
- c) O consumo específico.
- d) O tamaño do volante de inercia.

62. Cando se fala o intárder está a facerse referencia a un ralentizador do tipo...

- a) no motor.
- b) no escape.
- c) hidrodinámico.
- d) eléctrico.

63. Cando deben usarse as pinzas no cinto de seguridade?

- a) Soamente poden utilizalas os transportistas.
- b) Sempre que se queira.
- c) Soamente en vías interurbanas
- d) Nunca, xa que reducen a eficacia do mesmo.

64. O maior ou menor consumo de carburante dun vehículo pesado depende de varios factores, entre outros,:

- a) da relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.
- b) dos ralentizadores que monte o vehículo e o mantemento do vehículo.
- c) das revolucions por minuto do motor e da maior ou menor refrixeración dos freos.
- d) do perfil da estrada e de se posúe ou non suspensión pneumática.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Conducir de forma que se reduza a velocidade media de circulación ten como vantaxe:

- a) un menor consumo e contaminación ambiental.
- b) reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.
- d) reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.

66. Reducir a velocidade media de circulación, que vantaxes presenta?

- a) Non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que conducir desta maneira fai que o consumo de aceite sexa nulo.
- b) Menor consumo, contaminación ambiental e desgaste mecánico.
- c) Reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- d) Reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.

67. Que nos indican as estatísticas sobre o número de accidentes na estrada?

- a) Aumenta o número de accidentes.
- b) Só diminúe nas zonas urbanas.
- c) Diminúe tanto en zonas urbanas como interurbanas.
- d) Aumenta só en zonas urbanas.

68. A quen impón obrigacións a prevención de riscos laborables?

- a) Soamente ao empresario.
- b) Soamente ao condutor.
- c) Ás autoridades laborables.
- d) Ao empresario e ao condutor.

69. Por que sensación está constituída a fatiga?

- a) Aumento da motorización.
- b) Somnolencia.
- c) Aumento da concentración ante os estímulos.
- d) Hiperactividade.

70. A formación continua é obrigatoria para os titulares dos permisos de conducir...

- a) das clases C ou C+E, soamente.
- b) de calquera tipo.
- c) das clases C, C+ E, C1 e C1+E.
- d) das clases C1 ou C1+E, soamente.

71. O número de revolucións por minuto do motor, inflúe no consumo de carburante?

- a) Si, porque a menor número de revolucións por minuto o consumo é menor.
- b) Si, pero unicamente cando o motor vira por encima das 2.500 revolucións por minuto.
- c) Non, aínda que é un factor que determina a potencia e o par motor.
- d) Non, as revolucións é un dato que unicamente serve para non pasar de voltas o motor e griparlo.

72. Que factor non ten influencia no consumo de carburante?

- a) A relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.
- b) A presión dos pneumáticos.
- c) A posición do pedal do acelerador.
- d) Os elementos de seguridade pasiva que monte o vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. Por que é importante aumentar a distancia de seguridade en caso de néboa?

- a) Pola posibilidade de patinar.
- b) Por non verse o espazo de diante do vehículo.
- c) Por ter máis tempo para frear.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

74. Como se chama o fenómeno que se produce cando os elementos frenantes do freo de servizo se quentan en exceso e deixan de frear?

- a) Efecto bulding.
- b) Efecto desfreno.
- c) Efecto drinstop.
- d) Efecto fading.

75. Para reducir o consumo de carburante dun vehículo pesado, é conveniente que a agulla do cuentarrevoluciones se atope:

- a) por baixo da zona marcada de cor verde no contarrevolucions.
- b) por encima da zona marcada de cor verde no contarrevolucions.
- c) na zona marcada de cor verde no contarrevolucions.
- d) fóra da zona marcada de cor verde no contarrevolucions.

76. Para aforrar carburante é conveniente...

- a) coñecer o material do que está fabricado o motor.
- b) conducir con anticipación.
- c) coñecer con exactitude datos técnicos do vehículo como o coeficiente aerodinámico ou a carreira do pistón.
- d) coñecer o material do que está fabricada a carrocería.

77. Para aproveitar mellor o carburante que consome o motor dun automóbil é importante coñecer as resistencias que interveñen no movemento dos vehículos. Das que se citan a continuación, cal delas intervén?

- a) A resistencia do par motor.
- b) A resistencia á potencia á saída do cigüeñal.
- c) A resistencia do sistema de transmisión.
- d) A resistencia aerodinámica.

78. A quen lle corresponde realizar a carga da mercadoría no vehículo, así como a súa posterior descarga, salvo pacto en contrario?

- a) Ao cargador e ao destinatario, respectivamente, en todos os casos.
- b) Ao transportista en todos os casos
- c) Á axencia de transporte en todos os casos.
- d) Ao cargador e ao destinatario, respectivamente, salvo nos servizos de paquetería e similares, nos que estas operacións serán asumidas polo transportista

79. Para aforrar no consumo de carburante, é conveniente no verán ou inverno variar a presión de inflado dos pneumáticos?

- a) Non, o conveniente é aumentala.
- b) Non, a presión non se debe variar no inverno, só se debe variar no verán.
- c) Non, a presión non se debe variar no verán nin no inverno.
- d) Si.

80. Que inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?

- a) O tipo de sistema de freado que se monte: hidráulico ou pneumático.
- b) O tipo de buxías que monte: frías ou quentes.
- c) O material do que estea construída a carrocería.
- d) O mantemento do vehículo, a presión dos pneumáticos e a relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. Sinale a opción que non é acorde co mantemento dunhas boas condicións en canto ao espazo e medios de traballo:

- a) Existirá espazo suficiente para os movementos do corpo.
- b) Os instrumentos de mando estarán situados nunha zona que permita o seu fácil alcance.
- c) É recomendable que sempre haxa ruído, o silencio absoluto non é bo.
- d) Os mangos e empuñaduras adaptaranse á anatomía da man.

82. Para reducir o número de revolucións por minuto do motor de combustión dun automóbil e, con iso, reducir o consumo de carburante, o condutor pode:

- a) utilizar relacións de marchas longas.
- b) utilizar relacións de marchas curtas.
- c) utilizar buxías frías.
- d) aumentar a octanaxe da gasolina.

83. O condutor dun vehículo pesado, ten a posibilidade de reducir o consumo de carburante do seu vehículo?

- a) Si, por exemplo, reducindo a presión de inflado das rodas dianteiras.
- b) Non, porque o consumo é un dato característico invariable de cada motor.
- c) Si, por exemplo, seleccionando relacións de marchas que permitan reducir as revolucións do motor.
- d) Non, porque o consumo de carburante é un dato invariable e que depende unicamente do par motor fornecido.

84. Que vantaxes presenta conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible dependendo da velocidade á que se circule?

- a) Menor consumo e maior confort na conducción.
- b) Reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que conducir desta maneira fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.
- d) Reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.

85. Conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible dependendo da velocidade á que se circule, que vantaxes presenta?

- a) Menor consumo, contaminación ambiental e contaminación acústica.
- b) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.
- d) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que conducir desta maneira fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.

86. En que se transforma a enerxía química do carburante no motor?

- a) En enerxía potencial.
- b) En enerxía hidráulica.
- c) En enerxía mecánica.
- d) En enerxía electromagnética.

87. Se un condutor viaxa nun ferry, con acceso a unha liteira, a un lugar para facerse cargo dun vehículo con tacógrafo, como se considera este tempo?

- a) Tempo de descanso.
- b) Tempo de traballo efectivo.
- c) Tempo de dispoñibilidade.
- d) Tempo de xornada reducida.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

88. Que factores favorecen a aparición de enfermidades cardiovasculares nos condutores profesionais?

- a) A vida sedentaria.
- b) A tensión.
- c) Ningún das anteriores.
- d) As respostas A e B son correctas.

89. Que tipo de ralentizador se atopa situado no sistema de transmisión?

- a) O ralentizador hidrodinámico do tipo retarder.
- b) O freo de servizo.
- c) O freo no escape.
- d) O freo motor - Veb.

90. Para evitar un posible fallo de freos por quecemento, en baixadas pronunciadas é conveniente:

- a) seleccionar unha relación de marchas máis longa.
- b) utilizar primeiro os freos convencionais e máis tarde os ralentizadores.
- c) poñer a panca do cambio en punto morto.
- d) utilizar o ralentizador antes que o freo de servizo.

91. Que debe terse en conta en freadas de emerxencia, en descensos?

- a) Que poden producirse importantes desprazamentos de cargas.
- b) Que non deben usarse os ralentizadores.
- c) Que debe minimizarse o uso de freo de servizo.
- d) Que debe restrinxirse o uso dos retardadores.

92. Cal das seguintes é unha tecnoloxía de batería de vehículo eléctrico?

- a) Cadmio.
- b) Chumbo.
- c) Sodio
- d) Zinc.

93. En caso de colisión dun vehículo pesado cun turismo:

- a) a maior lesividade sófrea os ocupantes do turismo.
- b) a maior lesividade sófrea os ocupantes do vehículo pesado.
- c) a maior lesividade sófrea o condutor do turismo, pero non o resto dos seus ocupantes.
- d) a maior lesividade sófrea o condutor do vehículo pesado, pero non os seus outros posibles ocupantes.

94. Para o desenvolvemento seguro das operacións de transporte, recoméndase:

- a) dispoñer dunha lista de comprobacións.
- b) efectuar antes de cada viaxe un recoñecemento cubrindo unha lista de comprobacións.
- c) efectuar mensualmente un recoñecemento cubrindo unha lista de comprobacións.
- d) As respostas A e B son correctas.

95. Que incidencia sobre a conducción teñen os medicamentos incluídos na categoría II?

- a) Son seguros e raramente afectan á capacidade de conducir.
- b) Afectan de modo leve.
- c) Afectan de maneira moderada.
- d) Poden afectar de maneira intensa.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 06-07-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

96. Os microsónos ao volante:

- a) están relacionados cos denominados "accidentes solitarios".
- b) veñen orixinados por conducir durante moitas horas e durmir pouco.
- c) son circunstancias controlables polo condutor movéndose con frecuencia no asento.
- d) As respostas A e B son correctas.

97. O tempo de sono diario que habitualmente necesita unha persoa adulta é:

- a) de 5 a 7 horas.
- b) de 7 a 9 horas.
- c) de 9 a 11 horas.
- d) de 11 a 12 horas.

98. Un extintor resulta útil:

- a) en lumes incipientes.
- b) en lumes consolidados e estendidos.
- c) en lumes con moita chama.
- d) Todas as respostas son correctas.

99. Que itinerario debe seguir un condutor para levar a cabo o transporte que teña encomendado?

- a) O que, ao seu xuízo, resulte máis seguro.
- b) O que resulte máis curto.
- c) O que lle fixaran.
- d) Sempre o que el mesmo considere máis adecuado para o transporte en cuestión.

100. Enténdese por conducción eficiente a que:

- a) reduce o consumo de combustible.
- b) permite facer o roteiro en menos tempo.
- c) reduce as emisións contaminantes.
- d) As respostas A e C son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corruxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. Unha boa estiba require que a carga sexa colocada:

- a) para ser transportada cun máximo de seguridade para o vehículo.
- b) de forma transversal á caixa do vehículo.
- c) de forma lonxitudinal á caixa do vehículo.
- d) con espazos de, polo menos, un centímetro entre os vultos.

102. Que factor non inflúe no consumo de carburante dun automóbil?

- a) O perfil da estrada.
- b) O grao de concentración de anticonxelante no líquido refrixerante.
- c) O número de revolucións por minuto do motor.
- d) A presión dos pneumáticos.

103. Cal é o obxectivo principal do motor dun vehículo?

- a) Controlar o movemento das rodas.
- b) Reducir o consumo de carburante.
- c) Transformar enerxía química en enerxía mecánica.
- d) Ningunha resposta é correcta.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 06-07-2022 16:30 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

96. Los microsueños al volante:

- a) están relacionados con los denominados "accidentes solitarios".
- b) vienen originados por conducir durante muchas horas y dormir poco.
- c) son circunstancias controlables por el conductor moviéndose con frecuencia en el asiento.
- d) Las respuestas A y B son correctas.

97. El tiempo de sueño diario que habitualmente necesita una persona adulta es:

- a) de 5 a 7 horas.
- b) de 7 a 9 horas.
- c) de 9 a 11 horas.
- d) de 11 a 12 horas.

98. Un extintor resulta útil:

- a) en fuegos incipientes.
- b) en fuegos consolidados y extendidos.
- c) en fuegos con mucha llama.
- d) Todas las respuestas son correctas.

99. ¿Qué itinerario debe seguir un conductor para llevar a cabo el transporte que tenga encomendado?

- a) El que, a su juicio, resulte más seguro.
- b) El que resulte más corto.
- c) El que le hayan fijado.
- d) Siempre el que él mismo considere más adecuado para el transporte en cuestión.

100. Se entiende por conducción eficiente la que:

- a) reduce el consumo de combustible.
- b) permite hacer la ruta en menos tiempo.
- c) reduce las emisiones contaminantes.
- d) Las respuestas A y C son correctas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. Una buena estiba requiere que la carga sea colocada:

- a) para ser transportada con un máximo de seguridad para el vehículo.
- b) de forma transversal a la caja del vehículo.
- c) de forma longitudinal a la caja del vehículo.
- d) con espacios de, al menos, un centímetro entre los bultos.

102. ¿Qué factor no influye en el consumo de carburante de un automóvil?

- a) El perfil de la carretera.
- b) El grado de concentración de anticongelante en el líquido refrigerante.
- c) El número de revoluciones por minuto del motor.
- d) La presión de los neumáticos.

103. ¿Cuál es el objetivo principal del motor de un vehículo?

- a) Controlar el movimiento de las ruedas.
- b) Reducir el consumo de carburante.
- c) Transformar energía química en energía mecánica.
- d) Ninguna respuesta es correcta.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 06-07-2022 16:30 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

Examen: Mercancías Modelo A
Duración: 120 MINUTOS

88. ¿Qué factores favorecen la aparición de enfermedades cardiovasculares en los conductores profesionales?

- a) La vida sedentaria.
- b) El estrés.
- c) Ninguno de las anteriores.
- d) Las respuestas A y B son correctas.

89. ¿Qué tipo de ralentizador se encuentra situado en el sistema de transmisión?

- a) El ralentizador hidrodinámico del tipo retarder.
- b) El freno de servicio.
